

12. FISIO-SPA

1. SECTOR DE ACTIVIDADE

Servizos persoais e da saúde.

2. CARACTERIZACIÓN-DESCRIPCIÓN

Centro fisio-spa orientado á relaxación, benestar persoal e coidado terapéutico e da saúde que estaría formado por dúas áreas de negocio diferenciadas e complementarias.

Por unha banda, ofrecería servizos propios dun spa urbano de pequeno tamaño a través da hidroterapia e termoterapia que se incluírían nun **circuíto termal e zona de tratamento**.

O circuíto termal estaría formado por:

- Unha piscina termal (*con chorros e un jacuzzi*)
- Unha sauna
- Cabina húmida
- Flotarium

A zona de tratamentos termais estaría formada por unha cabina de hidroterapia integrada por:

- Dúas bañeiras de hidroterapia.
- Ducha vichy

Por outra banda, ofrecería servizos de **fisioterapia e reflexoloxía**, a través dunha sala de relaxación e tres cabinas de masaxe, con tratamentos baseados na masoterapia, termoterapia, ultrasons, electroterapia, cinesiterapia e crioterapia.

3. XUSTIFICACIÓN

- O barrio de San Pedro é zona de entrada de peregrinos que acoden a Santiago de Compostela a pé e en bicicleta, polo que esta iniciativa contaría cun potencial público obxectivo demandante de tratamentos específicos de relaxación e descanso, tratamentos desconstruturantes, estiramientos, fisioterapia deportiva e reflexoloxía.
- Igualmente, o ocio termal formaría parte dos servizos turísticos que ofrece o Barrio de San Pedro fomentando así o posicionamento turístico do barrio.

4. CLIENTES

- Peregrinos
- Turistas
- Poboación local (*parellas, deportistas, poboación maior, xente nova*)

5. ASPECTOS CHAVE

- **Localización:**
Sería unha das principais características desde centro que estaría situado nunha zona estratéxica, moi próxima á zona vella e enclaves turísticos (*Parque Bonaval, Centro Galego de Arte Contemporánea*).
- **Carteira de servizos:**
A estrutura do centro en base a dúas áreas de negocio permite prestar servizos especializados para determinadas doenzas (*principalmente na área de fisioterapia e reflexoloxía*) e ao mesmo tempo axuda a diversificar, a deseñar servizos de carácter integral e a dotalos de valor engadido.
Así mesmo, apostar por prestar servizos específicos e puntuais para a poboación local (*por exemplo obradoiros, talleres e*

formación básica) que permitan diferenciar a este centro do resto de spas urbanos de Santiago sería unha alternativa a ter en conta.

Tamén sería unha iniciativa interesante colaborar con empresas doutros sectores para crear produtos de carácter integral como por exemplo menú degustación e circuíto termal, perruquería e masaxe, etc.

• Infraestruturas e instalacións:

Non tanto no seu alcance senón precisamente na súa distribución, trataríase dun centro de pequeno tamaño cunha dotación menor da que adoitan ter os centros termais e máis similar á infraestrutura que poden ter algúns hotéis con spa (*para reducir as necesidades de investimento e potenciar o posicionamento entorno ao espazo*).

A fortaleza deste centro sería precisamente o ambiente de relax e descanso e a aposta polo deseño para crear un espazo cálido e acolledor en consonancia co propio barrio, o que a súa vez permitiría a diferenciación estética con respecto aos centros de fisioterapia e compensaría a menor dotación das instalacións.

6. OBSERVACIÓNS

- Investimento elevado sendo a maior partida a destinada a equipamento e mobiliario e reformas do local.
- O aluguer do local é unha opción que ofrece máis vantaxes que a compra, porque permite negociar as cotas mensuais e reduce o investimento inicial.
- A pesar do elevado grao de investimento inicial existe unha taxa de retorno elevada, normalmente recupérase no 2º ano.
- Os gastos de persoal son os máis elevados, motivo polo que se aconsella a dúas persoas emprendedoras con formación específica (*fisioterapia e técnicas alternativas*).
- Cabe indicar, que o barrio de San Pedro é obxecto de aplicación do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (*PE-1*). Nesta zona existen diferentes tipos de edificacións (*catalogadas e non catalogadas...*) e diversas ordenanzas nas que están limitados os usos e o aproveitamento da parcela libre traseira. Dependendo do tipo de edificio seleccionado para a actividade, as esixencias das distintas ordenanzas ou requisitos a cumprir, poden supoñer unha barreira ou dificultade de entrada ao mercado.

7. NORMATIVA ESPECÍFICA

- Non aplica, actualmente non existe lexislación específica para esta actividade.
- A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, considera aos centros de SPA como empresas de servizos turísticos complementarios, debido a que prestan servizos de especial interese para o turista e que contribúen á diversificación da oferta e ao desenvolvemento turístico.
- Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.